marga crespo
eduardo estévez

o patio

o patio
marga crespo - eduardo estévez

ISBN: 978-84-127295-3-5
DL: C-1632-2026

fotografía das obras: eutropio rodríguez

edita: o_bidueiro
edicion@obidueiro.gal

dis patio e semella
a representación de algo

non lembras de que
pero non importa

(onde queda o exilio? / cal é o país da distancia?)

pode parecer impreciso
pero o patio ten límites visíbeis

tranquiliza



o muro acouta


o xeso
húmido esboróase

e se os tixolos van ficando espidos
os límites tórnanse febles

(primeiro unha tímida / inquietude / unha chave)

e se a hedra ou parra
medra cara ao alto

o patio
o límite muda
na suposición do territorio



impreso en 2026
no obradoiro de
sacauntos cooperativa gráfica
en santiago de compostela

50 anos antes
un golpe de estado cívico-militar
institucionalizaba na arxentina
o terror e a escuridade

o patio é un lugar para a memoria